

ANEXO I – LICENZAS E PERMISOS QUE SE DELEGAN

TIPO	LEXISLACIÓN APLICABLE	DURACIÓN E CARACTERÍSTICAS	DOCUMENTACION/XUSTIFICACIÓN	Tipo de Tramitación
Matrimonio ou unión de feito.	Conv.Colectivo art. 25.1 ET art. 37.3 a)	Quince días naturais. Pódese gozar de todo ou parte do permiso antes ou despois da voda, que deberá estar incluída neses días.	Libro de familia (*) ou certificado do rexistro público oficial no que se inscribirá a unión de feito	
Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.	Real Decreto Legislativo 5/2015 Art. 48.1. e) ET art. 37.3 f)	Polo tempo necesario para a súa práctica.	Documento médico prescribindo calendario de sesións, técnica de preparación e xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.	
Falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade.	Real Decreto Legislativo 5/2015 Art. 48.1. a) ET art. 37.3 b)	1º grao: Tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade. 2º grao: Dous días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade. Os días serán os inmediatamente posteriores ao feito causante, sen computar a estes efectos, os inhábiles e festivos. Con carácter excepcional, no suposto de enfermidades graves de familiares, pode autorizarse o permiso noutros días, independentes ou continuados, sempre que persista o feito causante.	- Certificado médico. - Xustificante parentesco. - Certificación de defunción.	
Traslado de domicilio.	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 48.1. b) ET art.37.3 c)	1 día mesma localidade. 2 días distinta localidade.	Xustificante novo domicilio.	
Exames	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 48.1. d)	Tempo celebración, incluíndo os desprazamentos.	Certificado de asistencia con indicación do horario (*).	
Deber inescusable.	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 48.1. j) ET art. 37.3 d)	Indispensable.	Xustificante que procedan en cada caso.	
Asuntos particulares	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 48.k)	6 días por ano, por causas xustificadas, sempre que o permitan as necesidades do servizo, incrementándose 2 días adicionais ao cumprir o 6º trienio e un máis por cada trienio cumprido a partir do 8º	Solicitude	
A efectos de docencia e investigación	R.D.898/1985: Art. 8 Art. 86 Estatutos da UDC	Asistencia a Congresos, Cursos ou Xornadas e Licencias Doc. Inv. < 1 mes coa totalidade das retribucións.	Data de celebración ou Carta de aceptación Outra documentación requirida	
Enfermidade / Asistencia médico (tempo indispensable)	D. lexislativo 1/2008 Art. 76.1 m)	Tempo indispensable	Xustificación	



Tramitación electrónica.



Tramitación en papel

ANEXO II – VACACIÓNS, PERMISOS E LICENZAS

TIPO	LEGISLACIÓN APLICABLE	DURACIÓN E CARACTERÍSTICAS	DOCUMENTACIÓN	Tipo de Tramitación
Permiso por estado de xestación	R.D. Legislativo 5/2015 Disp. Adic. 16ª	A partir do día primeiro da semana 37 de embarazo, ata a data do parto ou da semana 35 no caso de xestación múltiple.	Informe médico	
Permiso por nacemento, adopción ou acollemento	Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia Art. 121, 122, 123 e 124	22 semanas ininterrompidas. 16 semanas para o proxenitor distinto da nai biolóxica. Ampliables nos seguintes casos: a) Discapacidade do fillo, unha semana máis; b) Partos múltiples, unha semana máis por cada fillo a partir do segundo; c) Partos prematuros e aqueles nos que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, tantos días como o neonato atópese hospitalizado, ata un máximo de 13 semanas adicionais. Adopción internacional: pódense solicitar ata 2 meses de permiso adicional, percibindo só retribucións básicas se é necesario desprazamento. No caso de adopción internacional o permiso poderá adiantarse ata 4 semanas.	Certificado médico (parte Muface ou Seguridade Social). Libro de Familia (*) ou resolución xudicial ou administrativa do acollemento ou adopción (*).	
Lactación fillo menor de 12 meses	Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia Art. 111 RD. Legislativo 5/2015 Art. 48. f) Convenio colectivo art. 37.1.g)	1 hora completa ou 2 fraccións. Redución 1 hora ao inicio ou ao final xornada.	Concederáse sempre que as necesidades o permitan	
		Pode acumularse e substituírse por un permiso de 30 días naturais	Concederáse sempre que as necesidades o permitan	
Redución xornada	RD. Legislativo 5/2015 Art. 48.1 g), h) e i) ET art. 37.4 bis e 37.5	Sen redución de retribucións: - Ata 2 horas diarias por nacemento de fillo prematuro que deba permanecer hospitalizado despois do parto. - 50% da xornada por enfermidade moi grave dun familiar de 1º grao (1 mes máximo) Con diminución de retribucións: - Por coidado directo dun menor de 12 anos, ancián ou diminuído físico ou psíquico: ata 1/2.	Solicitud acompañada de xustificación suficiente.	
Vacacións	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 50 Lei 4/1988 Art. 69 ET art. 38	22 días hábiles por ano natural ou os días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo foi inferior ao ano. Non se consideran hábiles os sábados. Así mesmo, terase dereito a un día hábil adicional ao cumprir 15 anos de servizos, 2 ao cumprir 20, 3 ao cumprir 25 e 4 ao cumprir 30 . Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ao do cumprimento dos anos de servizos indicados.	Enténdense concedidas con carácter xeral no mes de agosto agás nos casos de maternidade ou enfermidade que comprendan ese mes nos que se poderá solicitar o desfrute noutro período.	
Funcións sindicais	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 48.1. c)	Segundo se determine legalmente	Comunicación acompañando xustificación sindical.	
Asuntos propios sen retribución	L.F.C.E.: Art. 73 y 74	Mínimo 7 días naturais. Non poderá exceder de 3 meses cada 2 anos.	Solicitud motivada	
A efectos de docencia e investigación	R.D.898/1985: Art. 8 Art. 86 Estatutos da UDC	Licenzas estudos < 3 meses totalidade retribucións. Licenzas estudos >3 meses e < 1 ano 80% retribucións, Licenzas >1 ano non dará lugar ao recoñecemento de ningunha retribución.	Solicitud acompañada de xustificación suficiente.	
Ano sabático	Art. 86 Estatutos da UDC	Un ano cada sete anos con todos os dereitos económicos Dedicación a tempo completo e docencia atendida polo Dpto.	Solicitud e memoria docente/investigadora da actividade a realizar. Informe do departamento	
Perfeccionamento por reincorporación	Art. 8.2. RD. 898/1985	Para reincorporación procedentes de baixas non inferiores a 18 meses, comisión de servizos en entidades non académicas e reingresos de servizos especiais: Ata un máximo de 3 meses	Solicitud acompañada de xustificación.	

EXCEDENCIAS

TIPO	LEGISLACIÓN APLICABLE	DURACIÓN E REQUISITOS	XUSTIFICACIÓN	
Por interese particular	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 89.2.	Mínimo 2 anos. É necesario ter prestado servizos na administración durante os 5 anos inmediatamente anteriores e non estar sometido a expediente disciplinario Subordinada ás necesidades do servizo.	Solicitud. Informe do departamento Pode declararse de oficio cando o funcionario non solicite o reingreso ao servizo activo no prazo establecido	
Por agrupación familiar	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 89.3.	Non se esixe ter prestado servizos. Cónxuxe funcionario ou laboral fixo con destino definitivo noutra localidade. Sen retribucións. Non computa o tempo a ningún efecto.	Solicitud. Libro de familia. Xustificante do destino definitivo do cónxuxe	
Por coidado de familiares	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 89.4	- Para o coidado de cada fillo: máximo 3 anos a contar desde o nacemento, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo. - Para o coidado dun familiar ao seu cargo ata o 2º grao que o precise por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade que non desempeñe actividade retribuída: máximo 3 anos, con reserva do posto os dous primeiros e de localidade no terceiro. O tempo é computable a todos os efectos. O funcionario pode participar nos cursos de formación.	Solicitud. Libro de familia ou resolución xudicial ou administrativa do acollemento ou adopción ou xustificante dos requisitos esixidos para o coidado de familiar	
Por razón de violencia de xénero	R.D. Legislativo 5/2015 Art. 89.5.	Non se esixe ter prestado servizos. Non ten límite de permanencia Retribucións íntegras durante os dous primeiros meses Reserva de posto durante os 6 primeiros meses, prorrogable por períodos de 3, ata un máximo de 18 se o esixen as actuacións xudiciais. O tempo é computable a todos os efectos.	Solicitud Resolución xudicial	

(*) Documentación que debe ser remitida con posterioridade a solicitude/concesión ao decanato ou dirección do centro unha vez realizada a actividade.

LEXISLACION APLICABLE

R.D. Legislativo 5/2015 do Estatuto Básico del Empleado Público. D. Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, da función pública de Galicia
Ley de Funcionarios Civiles del Estado (Decreto 315/1964, de 7 de febrero, B.O.E. de 15 de febrero)
Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (ET)
Real Decreto Ley 20/2012, do 13 de julio
Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo
R.D. 898/1985, de 30 de abril, sobre Régimen del Profesorado Universitario (B.O.E. de 19 de junio)
Estatutos da UDC, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG de 26 de maio)
Lei 2/2015, de 29 de abril, de Empleo Público de Galicia

PRIMEIRO E SEGUNDO GRAO DE CONSANGUINIDADE OU AFINIDADE

Primeiro Grao: -Cónxuxe -Fillos -Pais e nais do cónxuxe	Segundo Grao: -Irmáns e irmás do cónxuxe -Netos -Avós e avoas do cónxuxe
---	--